

Acta da Comisión de Calidade do día 31 de Outubro de 2013

Asistentes:

Aneiros Pereira, Jaime
Arias Martínez, M. Antonia
Fernández Docampo, Belén
Pita Grandal, Ana María
Rodríguez Domínguez, M^a Mar

Excusan a súa asistencia: Esther González Pillado, Jaime Cabeza Pereiro, Isaac Borja Araujo Figueroa, Henrique Macías, Miguel Dorribo, Javier de Vicente Remesal

Da comezo a reunión sendo as 10:30 da mañá tras conseguir o Quórum co seguinte Orde do día:

Primeiro.- Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior

Segundo.- Informes da Decana

Terceiro- Aprobación, se procede, dos informes provisionais de Seguimento de Titulacións do centro do curso 2012-13.

Cuarto.- Aprobación, se procede, dos informes de coordinación dos graos do curso 2012-13

Quinto.- Rolda aberta de intervencións

Primeiro.- Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (24 de Setembro de 2013)

A pesar de non atoparse presente, Miguel Dorribo manda por e-mail unha corrección ao acta da sesión anterior para matizar algunhas frases que el pronunciara na anterior comisión, aceptándose dita modificación por asentimento, quedando redactado o apartado dous como segue:

A decana informa dos problemas que sigue tendo a Comisión de Calidade por mor da súa composición. Neste senso Miguel Dorribo toma a palabra para informar dos resultados do proceso de auditoría que tivera lugar nos centros que se presentaron á convocatoria extraordinaria de certificación (a Facultade de Bioloxía e a Escola de Enxeñería de Telecomunicación), onde se puxo de manifesto a necesidade de que a Comisión de Calidade se constituía nun órgano clave para o funcionamento do centro e das súas titulacións. Nesta liña, difundírase unha proposta dende a Vicerreitoría de Alumnado, Docencia e Calidade con obxecto de facer máis eficaz a composición das comisións de calidade.

Segundo.- Informes da Decana

No segundo punto infórmase de que en relación ao Master en Ordenación Xurídica do Mercado, non é necesario presentar informe de seguimento dado que se atopa en proceso de extinción. En relación ao Master en Procuradoría, tampouco é necesario dado que non se impartira o curso pasado. Finalmente, en relación co Master en Dirección e Xestión Laboral, e dado que é interuniversitario, haberá un informe único e coordinado, e que a universidade coordinadora do título que é Santiago e a encargada de presentalo na Acsug, se ben é necesario ratificalo por todas as Xuntas de Centro dos centros nos que se imparte.

Terceiro- Aprobación, se procede, dos informes provisionais de Seguimento de Titulacións do centro do curso 2012-13.

Analízanse os autoinformes presentados e sométense a aprobación por separado.

En primeiro lugar, analízase o autoinforme do Grao en Relacións Laborais de forma pormenorizada e débátese diferentes aspectos sobre o mesmo, propoñéndose algúns modificacións na redacción e completando algúns criterios. Así, acórdase propoñer unha redución de competencias, sendo responsable da súa execución a Xunta de Titulación; propoñer como responsable do PAT a un coordinador do PAT; e facer responsable á Xunta de Facultade (conxuntamente co coordinador de grao) da optimización da coordinación vertical e horizontal. Modifícase tamén a redacción do criterio 5, 8 e 9. En relación cos TFG reflexionase sobre a avaliación do mesmo e se está de acordo ao establecido na memoria en relación coa adquisición de competencias, e que, en todo caso, sexa a comisión do TFG a encargada de analizar esta cuestión e propoñer, se o considera oportuno, unha modificación da normativa para someter a Xunta de Facultade. Con estas modificacións apróbase o autoinforme por asentimento.

En segundo lugar, analízase o autoinforme do Grao en Dereito. Proponse algúns cambios na redacción do mesmo para melloralo na liña do informe de Relacións Laborais, sen afectar sustancialmente ao contido do mesmo, xa que é un informe único dos dous centros ao ser unha única titulación. Acórdase propoñer tamén como responsable do PAT a un coordinador do PAT; e facer responsable á Xunta de Facultade (conxuntamente co coordinador de grao) da optimización da coordinación vertical e horizontal, dado que sigue presentándose como un punto débil. Existen modificacións no criterio 1 en relación coas materias optativas que afectaría a unha proposta de mellora e intentar solucionar o punto débil detectado de sobrecarga dos contidos do título nalgúns cursos a través da reordenación da estrutura de impartición dos contidos. Con esta modificación apróbase o autoinforme por asentimento.

En terceiro lugar, analízase o autoinforme do Master en Avogacía. Proponse algúns cambios na redacción do mesmo para melloralo na liña do informe de Relacións Laborais. É aprobado por asentimento.

Finalmente, analízase o autoinforme do Master en Menores. Proponse algúns cambios na redacción que non afectan sustancialmente nin ao informe nin aos plans de mellora. É aprobado por asentimento.

Cuarto.- Aprobación, se procede, dos informes de coordinación dos graos do curso 2012-13

Debido á que algúns membros da comisión tiñan que ausentarse, decídese retirar este punto del orden del día xa que a comisión non ten o quorum suficiente para aprobalos.

Quinto.- Rolda aberta de intervencións

A Decana explica que esta comisión sigue sendo inoperativa e propón que teña menos membros para que non haxa tantos problemas de quorum.

Non habendo máis intervencións, levántase a sesión ás 13:30 do día sinalado, do que dou fe como secretaria.

A Secretaria

M^a del Mar Rodríguez Domínguez